

DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE NOVE POSTOS DE TRABALLO PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023 (LIÑA 3) (BOPPO nº 208 do luns 31 de outubro de 2022).

En Meis, Dna. MARTA GIRÁLDEZ BARRAL, Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2023, e ao abeiro do PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023 (LIÑA 3), o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal, a xornada completa, de nove persoas desempregadas en dúas quendas, para levar a cabo a prestación de servizos mínimos de competencia municipal indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, de nove persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.
2. As ocupacións ofertadas son: 1 albanel (8 meses), 1 fontaneiro/a (8 meses), 1 electricista (8 meses), 3 peóns de obras públicas (8 meses), 1 carpinteiro/a (7,5 meses), 1 peón forestal (7,5 meses), e 1 pintor/a (7,5 meses), con carácter de laboral temporal a xornada completa.

Mándao e asínao a alcaldesa, do que, a secretaría dá fe.

Documento asinado electronicamente.

